



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 29 DE OUTUBRO DE 2020,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada provincial EP-3302 Tabagón-O Rosal-Portocelo a prol do Concello do Rosal, desde o punto quilométrico 1+365 ao punto quilométrico 1+580 marxe dereita.

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICA**

- Acordo polo que se fixa o límite máximo de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2021, ó que se refire o artigo 12 da Lei 2/2011, do 16 de xuño, de disciplina orzamentaria e sustentabilidade financeira, modificado polo artigo 92 da Lei 12/2014, do 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura da addenda ao convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Curtis para a mellora do abastecemento no núcleo de Teixeira, Curtis (A Coruña), por importe de dous millóns setecentos mil euros (2.700.000 €).

**CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dunha modificación do convenio de colaboración entre a Consellería de Política Social e Cruz Vermella Española en Galicia, para a execución dun programa extraordinario de axuda para a cobertura de necesidades básicas á poboación en situación de vulnerabilidade ocasionada pola covid. Importe: tres millóns douscentos cinco mil sesenta e cinco euros (3.205.065 €).

**INFORMES**

## **CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

- Informe sobre o cálculo da pegada ecolóxica de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

- Informe sobre o convenio marco entre o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, a Xunta de Galicia, o Concello da Coruña e a entidade pública empresarial Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (Adif), para o desenvolvemento dunha área de intermodalidade de transporte de viaxeiros na Coruña-San Cristóbal e a súa contorna urbana.

## **CONSELLERÍA DE EMPREGO E IGUALDADE**

- Informe sobre as ordes de axudas para o fomento do emprego a través dos programas de cooperación no ámbito de colaboración con entidades locais e entidades sen ánimo de lucro para a contratación de axentes de emprego no ano 2020.

## **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a proposta de modificación da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Informe sobre vixilancia epidemiolóxica nas augas residuais de residencias de maiores.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre a vendima 2020 nas denominacións de orixe galegas.
- Informe sobre a posta en marcha de cuadrillas de substitución nas explotacións agrogandeiras de Galicia afectadas por confinamento como consecuencia da covid.

## O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA A TRANSFERENCIA A PROL DO CONCELLO DO ROSAL DUN TREITO ANTIGO DA ESTRADA PROVINCIAL QUE COMUNICA TABAGÓN, A VILA E PORTECELO

- *Trátase dun treito de 290 metros da vía provincial EP-3302, xerado pola rectificación de trazado realizada pola Xunta de Galicia para executar o treito III da vía de altas prestacións Tui-A Guarda*
- *Na zona executouse una actuación coordinada de mellora da mobilidade peonil, na cal a Deputación actuou no treito obxecto de cambio de titularidade e deulle continuidade á senda executada pola Xunta desde o Niño do Corvo ata Morán*
- *Coa transferencia, a xestión e conservación da vía corresponderalle ao Concello*
- *O cambio de titularidade será efectivo o día seguinte ao da publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito antigo da estrada provincial que comunica Tabagón, O Rosal e Portecelo a prol do Concello do Rosal.

Trátase dun treito de 290 metros lineais na marxe dereita da vía provincial EP-3302, entre os puntos quilométricos 1+365 e 1+580. Este treito antigo xerouse pola rectificación de trazado da estrada como consecuencia da execución, por parte da Xunta de Galicia, do treito III da VAP Tui-A Guarda.

Neste tramo realizouse unha actuación planificada e coordinada entre o Concello, a Deputación Provincial de Pontevedra e a Xunta de Galicia, para mellorar a mobilidade peonil da zona.

A entidade provincial actuou no treito antigo de estrada da súa competencia, que é o obxecto deste cambio de titularidade, e deulle continuidade á senda peonil executada polo Departamento de Infraestruturas da Xunta no 2019, desde a subida ao Niño do Corvo ata a estrada de Morán, por un investimento de máis de 48.000 euros.

O cambio de titularidade inclúese no acordo entre o Concello e a Deputación Provincial de Pontevedra para a mellora da mobilidade peonil nesta estrada.

Segundo o artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos incluídos no inventario da Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia.

Neste sentido, o Goberno galego autoriza esta transferencia pola que lle corresponderán ao Concello do Rosal as actividades de xestión e conservación da vía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Con este cambio de titularidade, o Concello pontevedrés poderá mellorar o mantemento da estrada e levar un control máis directo para evitar posibles ocupacións indebidas do dominio público.

A transferencia será efectiva o día seguinte ao da publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia*.

Treito que se transfire:



## A XUNTA APROBA UN TEITO DE GASTO NON FINANCEIRO EXTRAORDINARIO PARA 2021 DE 11.664 MILLÓNS DE EUROS

- *A capacidade máxima de gasto aumenta en 1.515 millóns, un 14,9% respecto ao presente exercicio*
- *Este teito de gasto é excepcional e permitirá afrontar con garantías a pandemia e impulsar e reactivar a economía*
- *Ademais, o Executivo galego actualiza con prudencia e realismo o cadro macroeconómico para 2020 e 2021*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o límite de gasto non financeiro da Comunidade Autónoma para o exercicio 2021, que ascende a 11.664 millóns de euros, un teito excepcional para aproveitar ao máximo todos os recursos extraordinarios de que dispón a Comunidade galega ante unha situación extraordinaria coma a actual.

O teito de gasto aprobado hoxe medra un 14,9% con respecto ao orzamento do presente exercicio, o que supón que a capacidade máxima de gasto aumenta en 1.515 millóns de euros en relación co 2020.

Un ano máis, a Xunta de Galicia cumpriu co establecido na Lei de disciplina orzamentaria de 2011 e aprobou o teito de gasto non financeiro, que agora será remitido ao Parlamento para o seu debate e posterior aprobación. Este límite establece o máximo gasto que se pode acadar no proxecto de Lei de orzamentos xerais de Galicia.

O teito de gasto aprobado esta mañá polo Consello da Xunta é excepcional, prudente e rigoroso, e permitirá afrontar con garantías a pandemia sanitaria derivada do covid, impulsar e reactivar a economía, e atender todos os colectivos e empresas que están sufrindo a crise económica.

Está conformado por 11.012 millóns de euros de recursos non financeiros (recursos do sistema de financiamento, fondos finalistas e outros recursos non financeiros). Dentro deles inclúense 684,9 millóns da parte que lle corresponde a Galicia da transferencia extraordinaria do Estado ás comunidades autónomas, e unha previsión de 430 millóns dos recursos REACT-EU (axuda á recuperación para a cohesión e os territorios de Europa). A isto hai que engadir 684,9 millóns de euros correspondentes ao 1,1% de necesidade de financiamento, unha vez detraídos 33 millóns de axustes de contabilidade nacional.

### Cadro macroeconómico

A evolución da pandemia da covid interrompeu cinco anos consecutivos de crecemento económico e de creación de emprego en Galicia e cambiou o escenario previo. Neste marco, a Xunta actualiza con realismo e prudencia o cadro macroeconómico e prevé que



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

o impacto do coronavirus na economía galega provoque unha caída do PIB do -9,7% para este ano e unha recuperación en 2021 cun crecemento do 8%. En canto á taxa de desemprego, as estimacións prevén que o paro se sitúe no 12,3% en 2020 e no 12,9% no ano 2021.

## A XUNTA COLABORARÁ CO CONCELLO DE CURTIS NA MELLORA DO ABASTECIMENTO DE TEIXEIRO E DO POLÍGONO INDUSTRIAL, O QUE SUPORÁ UN INVESTIMENTO CONXUNTO DE 2,7 MILLÓNS DE EUROS

- *O Executivo galego autoriza a ampliación do convenio de colaboración, polo que a Xunta achegará 2,2 millóns de euros a esta actuación e o Concello de Curtis 500.000*
- *Trátase de executar a nova captación de auga para o abastecemento e a ampliación da estación de tratamento de auga potable, que servirá a unha poboación de preto de 5.200 habitantes no ano Horizonte 2042*
- *O organismo hidráulico dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar as obras no primeiro semestre de 2021*
- *O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos concellos para que poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento*

A Xunta colaborará co Concello de Curtis na mellora do abastecemento de Teixeira e do polígono industrial, que suporá un investimento conxunto de 2,7 millóns de euros.

O Consello da Xunta acordou hoxe o investimento autonómico de 2,2 millóns de euros para impulsar a execución das obras da nova captación de auga para o abastecemento e a ampliación da estación de tratamento de auga potable no núcleo de Teixeira, no concello de Curtis.

Con esta actuación resolverase o abastecemento de varios núcleos rurais que agora mesmo non contan con este servizo e mellorarase o abastecemento do centro urbano e do polígono industrial de Curtis-Teixeiro.

O Executivo autonómico autoriza así ampliación do convenio de colaboración entre o organismo hidráulico da Xunta e o Concello, ao verse incrementado o importe das intervencións proxectadas ata os 2,7 millóns de euros.

Deste importe, o Concello achegará 500.000 euros e o resto será asumido pola Xunta, a través do organismo Augas de Galicia, dependente da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Coa sinatura da ampliación deste acordo prevese licitar as obras no primeiro semestre do 2021.

### **Proxecto que se vai executar**

As obras definidas neste convenio prevén levar a cabo a execución dunha nova captación e bombeo desde o encoro da Castellana, que permitirá captar 80 litros por segundo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

O proxecto completárase cunha nova tubaxe de impulsión, de 3.600 metros de lonxitude, entre o edificio de bombeo e a estación de tratamento de auga potable existente no polígono industrial de Curtis.

Ademais, procederáse á ampliación da potabilizadora, o que permitirá incrementar a súa capacidade ata os 80 l/s e mellorar substancialmente tanto o filtrado da auga como o seu tratamento.

Coa mellora proxectada servirase a unha poboación de preto de 5.200 habitantes no ano Horizonte 2042, ademais da demanda do polígono industrial e do centro penitenciario da localidade.

O Goberno galego mantén o seu apoio técnico e financeiro aos municipios para que estes poidan prestar de xeito eficaz os servizos de saneamento e abastecemento, que son de competencia local.



## A XUNTA DESTINA 3,2 MILLÓNS DE EUROS MÁIS PARA AMPLIAR ATA OS SEIS MESES A TARXETA BÁSICA E PRORROGAR A AXUDA ÁS FAMILIAS DESFAVORECIDAS

- *O importe total desta medida pasa dos 11,4 aos 14,6 millóns de euros*
- *Con este ampliación ofreceranse ás familias que o precisen 900, 1.200 ou 1.800 euros, segundo o número de membros*
- *Desde que se puxo en marcha esta medida no mes de xullo, xa chegou a máis de 8.000 familias e beneficiou arredor de 20.000 galegas e galegos*

O Consello da Xunta acorda ampliar durante tres meses máis —de tres a seis meses— a Tarxeta básica, unha tarxeta moedeiro para axudar ás familias desfavorecidas a comprar produtos básicos. O Goberno galego destina 3,2 millóns de euros a esta axuda —cuxo orzamento total pasa de 11,4 millóns de euros a 14,6 millóns— para que as familias non queden de maneira inminente sen o sustento de primeira necesidade que supón.

Cómpre lembrar que a Tarxeta básica é unha medida pioneira que o Goberno galego puxo en marcha no mes de xullo para cubrir as necesidades máis urxentes da poboación. Desde a súa implantación xa chegou a máis de 8.000 familias e beneficia arredor de 20.000 galegas e galegos.

O importe de cada tarxeta depende do número de membros da unidade familiar: 150 euros mensuais para fogares unipersoais; 200 euros mensuais para fogares con dous membros e 300 euros para familias de tres ou máis membros. Con esta ampliación ofrecerase ás familias que o precisen unha achega que alcanzará os 900, 1.200 ou 1.800 euros en total, segundo o número de membros.

### **Urxente, coordinada e non estigmatiza**

Hai que sinalar que esta axuda cumpre as condicións máis exixentes que marcan os expertos en inclusión social. É urxente e practicamente inmediata, pois desde que se solicita ata que se obtén pasa un período máximo de 72 horas. Consiste nunha actuación coordinada, xa que implica na súa xestión a Xunta de Galicia, os servizos sociais municipais e as entidades sociais.

Por ultimo, tamén recolle outra das condicións máis importantes que sinalan os profesionais do sector: non estigmatiza as persoas que a reciben, posto que no supermercado ninguén sabe se o cidadán está a pagar cunha tarxeta de crédito ou cunha Tarxeta básica.



## O PRIMEIRO ESTUDO ELABORADO POLA XUNTA FIXA A PEGADA ECOLÓXICA DE GALICIA NUN 3,35 HECTÁREA GLOBAL POR HABITANTE, MEDIO PUNTO POR DEBAIXO DA MEDIA ESTATAL

- *Este valor indica que cada galego precisaría unha superficie de 3,35 hectáreas de territorio produtivo ou ecosistema acuático para poder producir os recursos necesarios para o desenvolvemento da súa vida e absorber os impactos derivados da súa actividade*
- *Outro valor que hai que ter en conta é a biocapacidade, a capacidade bioloxicamente produtiva nun determinado territorio, que en Galicia se sitúa en 3,50 hag/hab.; a diferenza entre ambos valores determina que Galicia non ten déficit ecolóxico, porque a súa biocapacidade é maior que a súa pegada ecolóxica*
- *O cálculo da pegada ecolóxica de Galicia é unha das medidas que recolle a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050 (EGCCE), coa cal se avalían as políticas impulsadas polo Goberno para aumentar a capacidade de resiliencia da comunidade fronte ao cambio climático*

A pegada ecolóxica de Galicia sitúase no 3,35 hag/habitante (hectárea global/habitante), tal e como recolle o primeiro estudo elaborado pola Xunta de Galicia para coñecer este valor na Comunidade galega. Isto quere dicir que, cada galego precisaría unha superficie de 3,35 hectáreas (de territorio produtivo ou ecosistema acuático) para poder producir os recursos necesarios para o desenvolvemento da súa vida e para absorber os impactos que provoca a súa actividade.

O Consello da Xunta de Galicia coñeceu o contido do informe sobre o cálculo da pegada ecolóxica de Galicia, que recolle o valor da pegada ecolóxica da poboación galega, para coñecer o balance ecolóxico da rexión, identificar os puntos de mellora e contar cun indicador de sustentabilidade para fomentar a concienciación.

A pegada ecolóxica defínese como o indicador que permite coñecer o impacto das actividades humanas sobre a natureza, así como valorar a eficacia e eficiencia das políticas ambientais e de sustentabilidade impulsadas polos gobernos autonómicos, neste caso pola Xunta de Galicia.

O valor da pegada ecolóxica de Galicia ascende a 3,35 hag/hab. (hectáreas globais/habitante), está por debaixo da media española e europea (4,04 e 4,56 hag/hab., respectivamente). Se toda a poboación mundial vivise como o fan os galegos serían necesarios 2,05 planetas para atender as súas necesidades e poder assimilar as consecuencias da súa actividade.

Os resultados obtidos indican que o 43% da pegada ecolóxica de Galicia está destinada a cubrir as demandas de alimentos (incluída a alimentación do gando, do que se obteñen

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

alimentos para consumo humano) e o 40% ao consumo enerxético (electricidade, combustibles fósiles para calor, transporte e comercio de mercadorías).

A pegada ecolóxica é unha ferramenta chave para fortalecer a gran conciencia da poboación galega e para acadar unha Galicia Verde e resiliente fronte ao cambio climático e outros problemas ambientais. Tamén é moi útil para analizar tendencias en canto á sustentabilidade dunha poboación, comparar os resultados obtidos con outros territorios e identificar aqueles sectores sobre os cales as medidas serán mais efectivas.

Outro dos valores que ter en conta é a biocapacidade, que reflicte a dispoñibilidade de recursos naturais ou a capacidade bioloxicamente produtiva nun determinado territorio. En Galicia é dun 3,50 hag/hab.

Así, a diferenza entre os dous valores (a pegada ecolóxica e a biocapacidade) permite coñecer o balance ecolóxico existente na rexión, polo que permite avaliar o nivel de autosuficiencia en Galicia, que presenta un excedente de 0,15 hag /habitante. Galicia, por tanto, é unha comunidade que non ten déficit ecolóxico, xa que a súa biocapacidade é maior que a súa pegada ecolóxica.

**Definir un método con vixencia**

A Xunta licitou un contrato para obter o valor da pegada ecolóxica na Comunidade, así como para a elaboración dun procedemento de cálculo de pegada ecolóxica baseado en guías internacionalmente recoñecidas e actualizar o seu valor á medida que os organismos internacionais subministren a información necesaria para o seu cálculo.

Así, dispónse dun banco de datos que incorpora a totalidade de información necesaria para o cálculo da pegada ecolóxica, o valor desta e unha análise dos seus diferentes compoñentes das conclusións destacables. A Xunta defende que se trata dun indicador que se presenta moi intuitivo e sinxelo de entender pola poboación, e por iso será utilizado activamente para concienciar a poboación galega sobre como as súas accións no día a día teñen un impacto sobre a contorna.

**Estratexia de cambio climático**

O Goberno galego marcou unha folla de ruta para converter á Comunidade galega en parte da solución, e non do problema, do cambio climático, grazas á elaboración dunha nova lei de residuos, que ten entre os seus obxectivos a loita contra o desperdicio alimentario e o plástico: a Estratexia de economía circular 2020-2030, coa cal cambiar cara a un modelo produtivo circular e non lineal.

Asemade, tamén aprobou a Estratexia galega de cambio climático e enerxía 2050, onde o cálculo da pegada ecolóxica se recolle como unha das medidas cuxo obxectivo principal é alcanzar a neutralidade climática antes do ano 2050.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

As liñas de actuación que recolle incidirán directamente sobre aquelas compoñentes que teñen maior impacto sobre o cómputo total da pegada, como a alimentación e a produción de enerxía, con medidas e actuacións concretas para a redución do desperdicio alimentario, o fomento das enerxías renovables e o aumento da eficiencia enerxética.

En definitiva, estas medidas no seu conxunto axudarán a reducir a pegada ecolóxica de Galicia, a converter á rexión nun referente na mitigación do cambio climático e a acadar un futuro sustentable para as sociedades futuras.

## O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CONVENIO DE COLABORACIÓN CO MINISTERIO DE TRANSPORTES E CO CONCELLO DA CORUÑA PARA DESENVOLVER A ESTACIÓN INTERMODAL E A SÚA INTEGRACIÓN URBANA

- *O acordo establece o marco de colaboración entre as administracións para acometer este proxecto que facilitará o intercambio áxil e seguro entre o autobús e o tren*
- *A Xunta licitará e executará a nova estación de autobuses integrada na terminal ferroviaria, incluíndo o aparcadoiro, cun investimento autonómico de 17,4 M€*
- *O Goberno galego prevé que no 1º trimestre de 2021 estea aprobado o proxecto para poder licitar as obras unha vez pechados os aspectos técnicos con Adif*
- *O Concello da Coruña financiará o aparcadoiro e executará os accesos, coa achega dun orzamento total de 14 millóns de euros*
- *A Administración local deberá licitar e executar a remodelación da avenida da Sardiñeira e a súa conexión coa avenida de Arteixo*
- *A Adif correspóndelle a reforma da terminal ferroviaria, cuxa licitación anunciou en 2019, cun investimento de 48,5 millóns de euros, pero que continúa pendente*

O Consello da Xunta de Galicia autorizou hoxe o convenio de colaboración entre o Goberno galego, o Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana, o Concello da Coruña e Adif para o desenvolvemento da estación intermodal e a súa integración urbana, cun orzamento global de case 80 millóns de euros.

Este acordo, impulsado pola Xunta, establece o marco de colaboración entre as tres administracións para executar un complexo intermodal que permita o intercambio áxil e seguro entre o autobús e o tren e outros modos de mobilidade sustentable.

O proxecto mellorará a permeabilidade transversal da cidade na contorna da estación de ferrocarril de San Cristóbal, optimizando a conexión peonil e ciclista entre os barrios e a conectividade entre a terminal ferroviaria e a nova estación de autobuses.

A Xunta instou a Adif a axilizar a firma do acordo, pois servirá de base para a sinatura doutros convenios máis concretos sobre o financiamento do aparcadoiro ou do proxecto das zonas comúns.

No que se refire ás obrigas recollidas no documento, a Xunta licitará, executará e financiará a nova estación de autobuses integrada na terminal ferroviaria, que inclúe o aparcadoiro, achegando un investimento de 17,4 millóns de euros.

O Goberno galego ten as súas responsabilidades en pleno desenvolvemento, pois xa dispón do proxecto básico da estación e comezou a redacción do proxecto construtivo.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Tamén iniciou en febreiro a tramitación urbanística a través da Lei 3/2016, do 1 de marzo, de medidas en materia de proxectos públicos de urxencia ou de excepcional interese.

Os trámites continúan avanzando, tendo en conta a suspensión dos prazos administrativos por mor do estado de alarma pola pandemia, e prevese que no 1º trimestre de 2021 estea aprobado o proxecto no Consello da Xunta.

Estes avances permitirán que unha vez pechados os aspectos técnicos con Adif, se poida concluír o proxecto construtivo e licitar as obras.

A estación de autobuses situarase dentro do recinto actual da terminal ferroviaria, no espazo delimitado ao noroeste pola avenida da Sardiñeira e ao sueste polas vías do tren.

A nova terminal constará dun edificio de viaxeiros en contacto coa pasarela de acceso peonil, unha planta baixa para o aparcadoiro de turismos, un andar intermedio para dársenas e unha cuberta en consonancia coa da terminal ferroviaria.

En relación co Concello da Coruña, o acordo establece que lle corresponde o financiamento do aparcadoiro e a execución dos accesos, coa achega dun orzamento total de 14 millóns de euros.

A Administración local deberá licitar e executar a remodelación da avenida da Sardiñeira e a súa conexión coa de Arteixo. Esta intervención inclúe a reforma da avenida do Ferrocarril, a urbanización da da Sardiñeira e a nova vía de conexión desta última coa avenida de Arteixo.

En relación con Adif, será da súa competencia a reforma da terminal ferroviaria, cuxas obras continúan pendentes de licitación, xa que foran anunciadas a mediados de 2019, cun investimento de 48,5 millóns de euros, pero logo atrasouse a súa licitación ata o 2021.

A Adif corresponderalle licitar, executar e financiar todas as obras relativas á estación de tren. Tamén deberá acometer a mellora da permeabilidade peonil transversal da cidade nesta contorna, que inclúe unha pasarela sobre a futura praia de vías, así como unha conexión rodada, mediante un paso inferior, entre a avenida do Ferrocarril e o aparcadoiro en superficie da estación.

## A XUNTA IMPULSA A ECONOMÍA LOCAL CON 3,3 MILLÓNS DE EUROS PARA CONTRATAR 256 AXENTES DA REDE DE TÉCNICOS DE EMPREGO DE GALICIA

- *A Administración autonómica apoia a contratación ou o mantemento dos axentes de emprego dos concellos e das entidades sen ánimo de lucro para axudar as empresas a desenvolver os seus proxectos, principalmente no rural*
- *A Rede de técnicos de emprego está especializada na promoción do emprego co reto de apoiar a xeración de novas actividades no ámbito local e rural*
- *O obxectivo desta medida é, ademais de dinamizar a actividade empresarial, prestar apoio ás persoas que máis o precisan, como son os colectivos con discapacidade ou en risco de exclusión social*

A Xunta investirá 3,3 millóns de euros na contratación ou mantemento dos 256 axentes que conforman a Rede de técnicos de emprego de Galicia, que está especializada na promoción do emprego co obxectivo principal de impulsar novas actividades económicas no ámbito local e rural. Con estas axudas, que saíran publicadas mañá venres no Diario Oficial de Galicia (DOG) o Goberno galego está a potenciar o papel desta rede como motor do emprendemento e da creación de emprego, apoiando a constitución de pequenas e medianas empresas.

En concreto, os axentes de emprego prestan asesoramento para axudar as empresas a desenvolver os seus proxectos no rural, contribuíndo, deste xeito, a fixar poboación nestes concellos, un dos principais retos do Goberno galego.

A Consellería de Emprego e Igualdade, dunha banda, destinará 2,2 millóns de euros para a contratación ou o mantemento de 214 axentes de emprego de dinamización local nos concellos galegos (AEDL), un persoal que ten como obxectivo principal colaborar na implantación das políticas activas de emprego relacionadas coa creación de actividade empresarial. Para a concesión destas axudas, a Administración autonómica ten en conta a media de paro rexistrado de cada concello no ano 2019.

O departamento autonómico, doutro lado, impulsará con 1,1 millóns de euros a contratación ou o mantemento de 42 axentes e unidades de apoio en entidades sen ánimo de lucro para prestarlles apoio na busca dun emprego ás persoas que máis o precisan, como son os colectivos con discapacidade ou en risco de exclusión social.

O Goberno galego levou a cabo un impulso da Rede de técnicos de emprego de Galicia escoitando as súas principais demandas para reforzar e mellorar o seu traballo diario, apostando, deste xeito, por un dos servizos profesionais máis relevantes dos concellos e entidades para dinamizar o rural.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**

Consello da Xunta

Entre as funcións dos axentes de emprego destacan a identificación de novas actividades económicas e posibles emprendedores; a difusión dos recursos e oportunidades laborais entre as persoas desempregadas con especiais dificultades de inserción laboral; o apoio aos promotores de empresas, unha vez constituídas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento; e a implantación de políticas activas de emprego.

Os dous programas enmárcanse na nova Axenda 20 de Emprego coa que o Goberno galego está impulsando o emprego de calidade. A Xunta activou este ano esta nova planificación en materia laboral, axustada ao contexto socioeconómico actual, coa que se prevén mobilizar máis de 225 millóns de euros a través de 30 medidas que beneficiarán a máis de 65.000 galegos e galegas. Estas axudas tamén forman parte da Estratexia europea para o emprego e do Plan anual de política de emprego (PAPE), así como nas accións que está a levar a cabo a Xunta para impulsar o emprendemento en Galicia, con especial atención ao rural.



**A XUNTA REFORMARÁ A LEI DE SAÚDE DE GALICIA PARA CONTAR CUNHA NORMATIVA ADAPTADA PARA AFRONTAR A PANDEMIA**

- *O novo texto legal recollerá medidas preventivas, de control aos pacientes e contactos e posibles infraccións*

O Consello da Xunta abordou hoxe a proposta de reforma da Lei de Saúde de Galicia para contar cunha lexislación adaptada para a xestión e loita contra a pandemia.

A proposta de modificación da Lei de Saúdeponse en marcha co obxectivo de subsanar carencias como a necesidade de maior concreción nas medidas, a regulación dos requisitos esixibles para a súa adopción polas autoridades, a urxencia dunha maior concreción do réxime sancionador e a precisión dos termos e o alcance da garantías xudiciais. Esta última cuestión foi resolta coa recente modificación da Lei da xurisdición contencioso administrativa.

O novo texto recollerá todas as medidas preventivas, medidas de control de enfermos, contactos estreitos ou en risco e posibles infraccións que poden ser adoptadas polas autoridades para protexer a saúde, incluíndo as limitativas de dereitos fundamentais.

Entre as medidas preventivas engádense: limitacións de horario de apertura ou peche de establecementos; medidas de seguridade e hixiene; obriga do uso de máscara; a obriga de subministrar datos á Administración, especialmente a persoas procedentes doutros lugares; ou a prohibición do consumo de bebidas alcohólicas na vía pública.

Nas medidas para o control de enfermos, contactos estreitos ou en risco fíxanse actuacións como: illamento no domicilio ou internamento nos hospitais; sometemento a un tratamento adecuado; corentena dos contactos estreitos; sometemento a test ou cribados; sometemento a vacinación, sempre tendo en conta os riscos; medidas que limiten a circulación e a mobilidade; confinamentos de zonas, e restricións ás agrupacións de persoas.

No tocante ás infraccións, o documento contará cunha completa e exhaustiva enumeración de posibles infraccións, entre as que se inclúen o incumprimento do uso da máscara, a celebración de festas ou incumprir o illamento ou a corentena.

Poderán considerarse infraccións leves, graves ou moi graves, con sancións de ata 3.000 euros no caso das leves; e de 3.001 a 60.000 euros nas graves, que poderán chegar aos 600.000 euros no caso das moi graves.

## A XUNTA APROBA UN PROXECTO PILOTO PARA A DETECCIÓN TEMPERÁ DE GROMOS DE RESIDENCIAS A TRAVÉS DAS AUGAS RESIDUAIS

- *Esta iniciativa comezará a funcionar en cinco centros da zona da Coruña e ten como obxectivo recoller mostraxes que permitan identificar o máis axiña posible a presenza do virus*
- *As mostrax serán analizadas polo equipo de microbioloxía Covid-Bens, formado por investigadores do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e a Universidade da Coruña*

O Consello da Xunta informa dun proxecto piloto para a detección temperá de gromos de coronavirus en residencias a través da análise de augas residuais. Trátase dunha iniciativa que comezará a funcionar en cinco residencias da zona da Coruña e ten como obxectivo recoller mostraxes que permitan identificar o máis axiña posible a presenza do virus nun centro.

Este proxecto consiste na recollida de dúas mostraxes semanais en cada residencia, unha frecuencia que podería incrementarse segundo os resultados ou a evolución da epidemia na comarca. Logo, estas mostrax serán analizadas polo equipo de microbioloxía Covid-Bens, formado por investigadores do Instituto de Investigación Biomédica da Coruña e a Universidade da Coruña.

Deste xeito poderase extraer o ARN do virus e realizar un modelo estatístico, cruzando estes datos cos resultados doutras probas. O obxectivo é contar cunha base de datos e cun cadro de mandos que permitirá identificar o máis rápido posible a covid nunha residencia.

Cómpre sinalar que esta medida de detección temperá se suma a outras que xa está a levar a cabo o Goberno galego nas residencias de maiores como os cribados quincenais dos traballadores —unha decisión pioneira en España— e as probas aleatorias tamén quincenais entre os residentes.



## AS CINCO DENOMINACIÓNS DE ORIXE DO VIÑO DE GALICIA RECOLLERON ALGO MÁIS DE 60 MILLÓNS DE QUILOS DE UVA DE MOI BOA CALIDADE NA VENDIMA DESTE ANO

- *Algo máis de 51 millóns de quilos de uva corresponderon a variedades brancas e os 9,3 millóns restantes a castes tintas*
- *As variedades recomendadas, potencialmente produtoras de viños de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da colleita, destacando entre elas a Albariña, a Godello e a Treixadura en brancas e a Mencía en tintas*
- *Para consolidar o éxito deste sector e o prestixio dos viños galegos, a Xunta puxo en marcha numerosas iniciativas para paliar as dificultades deste eido -e do agroalimentario en xeral- debido á emerxencia sanitaria*

O Consello da Xunta avaliou hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre os resultados da vendima 2020 nas cinco denominacións de orixe vitivinícolas de Galicia. Así, a colleita deste ano está en liña co valor medio do último decenio, chegando a recoller un total de 60.401.975 quilos de uva de moi boa calidade en xeral.

Ademais, do total de uva recollida, algo máis de 51 millóns corresponderon a variedades brancas e os 9,3 millóns restantes a castes tintas. Por denominacións, a de Rías Baixas ocupou de novo o primeiro lugar en volume de produción, cuns 34,4 millóns de uva recollidos, o que supuxo un incremento do 6,4% con respecto a 2019. Seguíulle a do Ribeiro con 9,4 millóns de quilos e a continuación a de Monterrei con algo máis de 5,7 millóns, Valdeorras con 5,5 millóns e Ribeira Sacra con 5,2 millóns de quilos de uva recollidos.

O informe sinala tamén que as diferenzas de produción no Ribeiro, Valdeorras e Ribeira Sacra compensáronse cos incrementos de produción en Rías Baixas e Monterrei. Ademais, cabe sinalar que para esta última denominación, a colleita deste ano supuxo unha cifra récord absoluto, sendo o valor máis alto rexistrado ata o de agora.

Doutra banda, cabe destacar tamén que as variedades recomendadas, potencialmente produtoras de viños de calidade, seguen a ter un peso fundamental no conxunto da vendima. Así, as uvas Albariña, Godello e Treixadura representaron, respectivamente, un 66,3%, un 13,9% e un 11,3% da uva branca total e a Mencía supuxo o 79,4% da uva tinta total colleitada.

Por último, cabe sinalar que a uva entrou en xeral nas adegas con moi boa calidade e óptimo estado de madurez, o que presupón unha magnífica calidade dos viños que se obterán nesta campaña. Acompañada polo bo tempo, foi unha vendima tranquila, a pesar das incertezas provocadas pola pandemia, que obrigou a realizar un sobreesforzo



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

nas máis de 400 adegas implicadas e nos viñedos de máis de 10.000 titulares debido ás medidas de prevención que foi preciso implantar. Unhas medidas que conseguiron o desenvolvemento dunha vendima segura grazas ao correcto funcionamento dos protocolos.

Neste senso, cabe tamén destacar os labores de control levados a cabo polos distintos consellos reguladores, que mobilizaron 70 efectivos entre o persoal fixo e os eventuais contratados especificamente para tal finalidade. A maiores, a Xunta reforzou este seguimento de xeito totalmente coordinado cos consellos reguladores, co despregamento de 15 técnicos máis a través do seu propio plan de control nas vendimas, no que investiu 180.000 euros e co que se evitaron posibles situacións fraudulentas.

### Estratexia de dinamización

Para consolidar o éxito deste sector e o prestixio dos viños galegos, a Xunta ten en marcha unha Estratexia de dinamización económica, territorial e turística das comarcas vitivinícolas de Galicia que forma parte do Plan de reactivación e dinamización do medio rural. Esta iniciativa ten na calidade un dos seus sinais de identidade fundamentais, así como na internacionalización, xa que o do viño, con máis dun 20% de exportacións sobre a produción total, é o eido agrario galego con máis proxección exterior. Esta estratexia é unha actuación conxunta do Goberno galego coa Fundación Juana de Vega, que conta cun orzamento de case 750.000 euros para reforzar a dimensión internacional, turística e territorial do viño galego.

Este apoio ao mundo do viño por parte da Xunta ponse de manifesto tamén a través de diferentes liñas de axudas específicas para o sector, entre elas unha destinada á mellora das instalacións de elaboración e comercialización, outra para financiar medidas de promoción en países terceiros e unha terceira para a reconversión da viña, o que supón un investimento duns 5 millóns neste ano 2020 por parte da Consellería do Medio Rural. Tamén en relación co viño, trabállase na actualización do Rexistro Vitícola de Galicia, para o que se destinan 916.000 euros no período 2019-2020.

Doutra banda, cabe lembrar que debido á crise sanitaria, a Consellería puxo en marcha diversos instrumentos para paliar as dificultades deste sector e do agroalimentario en xeral. Así, creou a canle alternativa de comercialización, Mercaproximidade, para dar saída aos produtos debido ao peche da hostalería, da restauración e dos mercados locais. Esta iniciativa, que segue vixente, foi un éxito e vai ter continuidade no futuro, para seguir potenciando os circuitos curtos de venda dos produtos agroalimentarios galegos, incluído o viño. Neste senso, cómpre destacar que a esta canle acolléronse máis de 450 industrias e produtores, entre eles 80 bodegas.

Ademais, ao abeiro do completo Plan de reactivación e dinamización para o medio rural, que está dotado con 165 millóns de euros, estase a elaborar un instrumento financeiro



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

para as pequenas e medianas empresas agroalimentarias que permitirá mobilizar ata 60 millóns de euros e que está concibido, entre outras cousas, para permitir a todas as adegas galegas afrontar a compra da totalidade da uva da colleita deste ano en condicións normais de mercado. Cabe lembrar que a Xunta vén de modificar o Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia precisamente para poder convocar este instrumento e dar apoio ás pequenas e medianas empresas que se dedican á transformación, comercialización ou desenvolvemento de produtos agrícolas, entre elas as vitivinícolas.

## A XUNTA OFRECE UN SERVIZO DE SUBSTITUCIÓN GRATUÍTO PARA AS EXPLOTACIÓNS E PEQUENAS INDUSTRIAS DO AGRO CON PERSOAL EN CORENTENA POLA COVID

- *O Consello do Goberno galego coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre esta prestación, que suporá un investimento de preto de 380.000 euros e se prolongará, en principio, ata xuño do vindeiro ano*
- *A empresa pública Seaga porá á disposición, a demanda dos propios posibles afectados, cuadrillas de persoal para substituír actividades esenciais como a alimentación do gando, a muxidura das vacas ou a xestión de produtos perecedoiros, entre outros traballos*

A Xunta ofrecerá un servizo de substitución, totalmente gratuÍto, como alternativa para as explotacións e pequenas industrias agroalimentarias que teñan persoal en corentena pola covid. O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe da Consellería do Medio Rural sobre este asunto.

O Goberno galego realizou a correspondente encomenda á empresa pública Seaga para a cobertura deste servizo. Formalizouse por un importe total de 379.355,39 euros, para o período comprendido entre o 15 de outubro de 2020 e o 30 de xuño de 2021, e queda aberta a posibilidade da súa prórroga, en función da evolución da pandemia e das restricións impostas pola autoridade sanitaria. Así pois, o servizo estará dotado con 1.600 días de traballo, mediante cuadrillas de dúas persoas (un maquinista/conducidor e un peón especialista) dotadas de vehículo e dos materiais de protección laboral e sanitarios fronte á covid correspondentes.

Así, en caso de positivos e da obrigatoriedade, polo tanto, de gardar corentenas, o titular da explotación ou pequena industria con algunha persoa confinada pola covid deberá solicitar o servizo de substitución mediante unha petición telemática polo procedemento xenérico da sede electrónica da Xunta (PR004A), xunto cunha declaración responsable da veracidade dos datos. A continuación, unha vez comprobados os datos (alta no Rexistro de Explotacións Agrarias de Galicia, entre outros), as solicitudes serán remitidas a Seaga, para que contacte co solicitante e envíe a cuadrilla correspondente.

Este servizo ofrécese para substituír no seu traballo aquel persoal en corentena pola covid que desenvolva actividades esenciais dentro dunha explotación agrogandeira ou industria agroalimentaria, tendo en conta que a non realización destes labores esenciais provocaría grandes prexuízos no ciclo produtivo ou industrial, en moitos casos superiores a unha simple paralización da actividade. A alimentación do gando, a muxidura das vacas en lactación ou a xestión de produtos perecedoiros son algúns exemplos de labores que non se poden pospor e que se prestarán mediante este servizo.



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

Así, nas explotacións de vacún e ovino-cabrún, ofrecerase a posibilidade de prestar atención ao gando e de realizar a muxidura. Tamén, de facilitar alimento e auga aos animais da granxa, así como de realizar a limpeza de cortes, salas de muxidura, leitaría, zonas de paso, comedeiros e bebedeiros. Outras tarefas que se substituirán serán as de manipulación de maquinaria para provisión de forraxes á explotación, a rega e labor de terras ou a atención a servizos externos á explotación, como veterinarios, nutriólogos, subministración de pensos, recollida de leite e retirada de cadáveres. A acomodación de camas e zonas de descanso, a atención zoosanitaria -se for necesaria- e mesmo a atención de partos e dos acabados de nacer tamén se ofrecerá mediante esta prestación.

Do mesmo xeito, nas explotacións avícolas, a listaxe de servizos ofrecidos abrangue ámbitos como a limpeza de cortes e zonas de paso, comedeiros e bebedeiros, a subministración de auga e comida, a retirada de ovos ou a atención ás condicións térmicas e de ventilación, entre outros. Nas explotacións agrícolas ofrecerase a atención aos cultivos dentro e fóra de invernadoiros, a retirada de plásticos, enmacetar ou os traballos manuais e mecanizados no labor e/ou recollida no campo de produtos hortofrutícolas como pataca, hortalizas, froita e outros.

Por último, no caso das pequenas industrias, se todos os traballadores están en corentena, trátase de asegurar o nivel de actividade necesario para que a empresa non se paralice totalmente e poida recuperar o traballo o máis rapidamente posible, unha vez teña o seu persoal recuperado. Neste senso, valorarase, en cada caso, se é necesario achegar algún traballador para facer actividades esenciais ou cos que quedan na industria é suficiente para manter esta actividade.

### Outras medidas

Esta medida súmase ás xa adoptadas pola Xunta para facer fronte á emerxencia sanitaria, que afectou todos os sectores económicos, incluído o primario. O peche imposto aos mercados locais e ao sector da hostalería e a restauración dificultou especialmente a comercialización das produtos das explotacións e industrias.

Entre as medidas implementadas salientan a creación de Mercaproximidade, que abriu novas canles de comercialización a través das cadeas de distribución non afectadas polo confinamento do estado de alarma decretado en marzo deste ano, comercializando así os alimentos dos pequenos produtores que decidiron sumarse á campaña co cancelo *#Voudesuperfeirón*. Tamén destaca a compra directa de alimentos por parte da Xunta a través desta canle para a súa cesión posterior a entidades benéficas e hospitais.

Ademais, os agricultores e gandeiros galegos, así como as pequenas e medianas empresas agroalimentarias da nosa comunidade, poderán beneficiarse de axudas directas e préstamos para facer fronte ás consecuencias negativas provocadas pola covid. Esta posibilidade, prevista no Plan de reactivación e dinamización do medio rural,



## INFORMACIÓN AOS MEDIOS

Consello da Xunta

será unha realidade grazas á modificación do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia que, entre outras cousas, permitiu a convocatoria, publicada hoxe mesmo no DOG de axudas ao sector da planta ornamental, da flor cortada e do vacún de carne. Tamén se modificou co obxecto de poder convocar un instrumento financeiro para dar apoio ás pequenas e medianas empresas que se dedican á transformación, comercialización ou ao desenvolvemento de produtos agrícolas.